

		subvención segundo o estipulado na Base 5, no que se refire as esixencias de alta na actividade económica.
MARIA JOSE VIGO PEREZ	***4476**	Os predios para os que presentousolicitud, localízansenun Concello de máis de 5.000 habitantes.
RAMON FERNANDEZ RODRIGUEZ	***9695**	Non presenta contestación órequirmento
JOSE LUIS CORNIDE RIELO	***3654**	Non presenta contestación órequirmento

LISTAXES DE RENUNCIA DA SUBVENCIÓN PARA O FOMENTO DO CULTIVO DE TRIGO (VARIETADES AUTÓCTONAS) E A PLANTACIÓN DE PHYSALIS NA EXECUCIÓN DO PROGRAMA “Y PARA VIVIR LUGO”

BENEFICIARIO	NIF	MOTIVO
FUNDACION TERREO	***8827**	Presentan renuncia
FRANCISCO JOSÉ FERNÁNDEZ GARCÍA	***4283**	Presentan renuncia
JOSE ANGEL DIAZ QUINTANA	***1553**	Presentan renuncia
JOSE MANUEL DIAZ FERNANDEZ	***1041**	Presentan renuncia

Contra dita resolución que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñer alternativamente recurso dereposición ante a Xunta de Goberno, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da publicación do acordo, de conformidade cos artigos 123 e 124 Lei 39/2015 do 1 de outubro, de procedemento Administrativo común das administracións públicas; ou ben interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses, a contar dese o día seguinte da publicación do acordo, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso- Administrativo.

Lugo, 24 de xuño de 2024.- "El PRESIDENTE, P.D. Decreto de fecha 04-07-2023 EL DIPUTADO DELEGADO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA Y SOCIAL, Pablo Rivera Capón"

R. 1830

Anuncio



LISTAXE DEFINITIVA DE BENEFICIARIOS DAS BASES PARA O FOMENTO DO ALUGUEIRO E A CREACIÓN DUNHA BOLSA DISPOÑIBLE DE VIVENDAS NO RURAL NA EXECUCIÓN DO PROGRAMA “Y PARA VIVIR LUGO”

Atendendo ás bases para o fomento do alugueiro e a creación dunha bolsa dispoñible de vivendas no rural na execución do programa “Y PARA VIVIR LUGO”, anualidade 2024, publicadas no Boletín Oficial da Provincia núm. 026 de data 31 de xaneiro de 2024, e ó acordo da Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo de data 7 de xuño de 2024, publicado no Boletín Oficial da Provincia núm. 132 de data 8 de xuño de 2024, publícase a listaxe definitiva de beneficiarios co importe da subvención para o fomento do alugueiro:

LISTAXE DE BENEFICIARIOS E IMPORTE DA SUBVENCIÓN PARA O FOMENTO DO ALUGUEIRO E A CREACIÓN DUNHA BOLSA DISPOÑIBLE DE VIVENDAS NO RURAL NA EXECUCIÓN DO PROGRAMA “Y PARA VIVIR LUGO”,

BENEFICIARIO	NIF	CONCELLO	SUBVENCIÓN
María Teresa Lastra Magadan	***2142**	A FONSAGRADA	600,00 €

Contra dita resolución que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñer alternativamente recurso dereposición ante a Xunta de Goberno, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da publicación do acordo, de conformidade cos artigos 123 e 124 Lei 39/2015 do 1 de outubro, de procedemento Administrativo común das administracións públicas; ou ben interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses, a contar dese

o día seguinte da publicación do acordo, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativo.

Lugo, 24 de xuño de 2024.- "El PRESIDENTE, P.D. Decreto de fecha 04-07-2023 EL DIPUTADO DELEGADO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA Y SOCIAL, Pablo Rivera Capón"

R.1858

CONCELLOS

BEGONTE

Anuncio

Formada e rendida a Conta Xeral desta Entidade Local, correspondente ao exercicio de 2.023, e informada pola Comisión Especial de Contas con data de 20 de xuño do actual; de conformidade e aos efectos previstos no art. 212 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo - polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais - expónse ao público, xunto cos seus xustificantes, na Secretaría do Concello, polo prazo de quince días, a fin de que durante o mesmo poida ser examinada e formularse, no seu caso, as reclamacións, reparos ou observacións que se estimen pertinentes.

Begonte, 20 de xuño de 2024.- O Alcalde, José Ulla Rocha.

R. 1831

Anuncio

Información pública

Aprobándose por resolución da alcaldía de data dezoito de xuño de dous mil vinte e catro os padróns que a continuación se relacionan, e expóñense ao público polo prazo de quince días hábiles contados dende o seguinte ó da publicación deste edicto no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

- Taxa por abastecemento de auga e ive sobre o seu consumo, correspondente ó cuarto trimestre do ano dous mil vinte e tres.
- Taxa por recollida de lixo correspondente ó cuarto trimestre do ano dous mil vinte e tres.
- Taxa pola rede de sumidoiro correspondente ó cuarto trimestre do ano dous mil vinte e tres.
- Taxa canón de auga da Xunta de Galicia correspondente ó cuarto trimestre do ano dous mil vinte e tres.
- Taxa de autoconsumos de auga correspondente ó cuarto trimestre do ano dous mil vinte e tres.

Recurso: Contra o acordo da aprobación do padrón poderá interpoñerse recurso de reposición.

Prazo de presentación do recurso: Un mes contado dende o día inmediato seguinte ó do término do período de exposición ó público do padrón.

Órgano ante o que se recorre: Sr. Alcalde-presidente do Concello de Begonte.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formulen poderán interporse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdición.

ANUNCIO DE COBRANZA

Para o cobro dos mesmos, os recibos seranlles cargados nas contas bancarias respectivas, e fíxase como período de cobro voluntario o prazo de dous meses, contados a partir do período de exposición pública. Finalizado exercicio pasarase o seu cobro pola vía de constrinximento, cos recargos previstos no artigo 28 da Lei 58/2003 de 17 de decembro, Lei Xeral Tributaria, a través de Servicio Provincial de Recadación da Excm. Deputación Provincial de Lugo.

A falta de pagamento do canón da auga da Xunta de Galicia no período voluntario sinalado suporá a esixencia do mesmo directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia. A repercusión do canón da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo de un mes dende que se entenda producida a notificación.